

# 1. Líder



## MÁIS PRETO DO 11 OBXECTIVO

O CD Lugo da División de Honra xuvenil logrou un merecido e inesperado empate na casa do cuarto clasificado, un Racing de Santander que aspiraba ao terceiro posto coa vitoria. Os de Bruno Rodríguez mantéñense fóra do descenso con dous puntos máis que o Racing de Ferrol a falta de oito xornadas para o remate da competición



2 1

LIGA NACIONAL XUVENIL

### Rares deulle a vitoria ao Villalbés no minuto 94

O Racing tiña unha final esta xornada na Roca e os de Cholas, con moito máis suspense do merecido, gañárono. O Val adelantouse na primeira parte, pero tralo descanso os chairegos monopolizaron o encontro e, logo de moitas de ocasións, chegou o premio no tempo engadido

LIGA GALEGA CADETE

**XORNADA DE FAVORES LUCENSES** As vitorias do CD Lugo B e da Milagrosa ante Racing de Ferrol B e Dumbria, rivais directos pola permanencia de Villalbés e Viveiro, danlle máis esperanzas a estes dous últimos

PARÓN ENTROIDO

**TAN SÓ DÚAS COMPETICIÓNS** terán actividade a próxima fin de semana. A División de Honra xuvenil, coa visita do Sporting de Gijón á Cheda, e a Liga Galega infantil na que compiten o Lugo e o Viveiro



XUVENIL D. DE HONRA	
RESULTADOS	
R. Oviedo - R. Avilés	1-1
Sp. Gijón - Deportivo	4-0
R. Ferrol - At. Perinés	1-2
Conxo - Marina Sp.	3-1
Bansander - RC Celta	2-3
R. Santander - CD Lugo	1-1
Val Miñor - Calasanz	3-1
Ural CF - TSK Rocés	0-3

XUVENIL LIGA NACIONAL	
RESULTADOS	
EF Lalín - Choco	0-1
RC Villalbés - O Val	2-1
Porriño - UD Ourense	1-3
CD Aroesa - Victoria CF	1-2
Alondras - Pabellón	0-1
RC Celta B - Pontevedra	5-0
Ourense CF - Valladares	5-0
Val Miñor B - CD Lugo B	5-1
Deportivo B - R. Bouzas	2-1

XUVENIL L. GALEGA NORTE	
RESULTADOS	
Conxo B - Orillamar	1-0
Montañeros - Estrada	2-0
Dumbria - Victoria B	2-1
Ural B - Calasanz B	3-1
As Pontes - Viveiro CF	0-3
Residencia - Bergantiños	2-0
R. Ferrol B - RC Villalbés B	5-1
Compostela - San Tirso	2-2
G. Caranza - Boiro	0-1

CADETE DIVISION HONRA	
RESULTADOS	
Arosa SC - Conxo	1-1
San Tirso - Val Miñor	2-1
Pontevedra - Victoria	3-0
Ural - Bergantiños	6-0
Bertamirans - Pabellón	2-2
Calasanz - AJ Lérez	Susp.
R. Ferrol - RC Celta	0-5
X. Oroso - CD Lugo B	2-0
Deportivo - Coruxo	4-0

CADETE L. GALEGA NORTE	
RESULTADOS	
Conxo B - Deportivo B	1-5
Montañeros - Estrada	0-0
R. Ferrol B - CD Lugo B	2-5
Ural B - Calasanz B	1-3
Bergantiños B - Viveiro CF	2-2
Milagrosa - Dumbria	4-0
Imperator - RC Villalbés	2-0
Compostela - San Tirso B	4-0
G. Caranza - Boiro	1-1

INFANTIL CTO. GALEGO	
RESULTADOS	
Deportivo - Pabellón	4-1
Bertamirans - Pontevedra	0-1
Sta. Mariña - Ural CF	0-4
Val Miñor - CD Aroesa	0-5
Calasanz - EF Porteiro	2-3
RC Celta - CD Lugo	3-1
Victoria - X. Oroso	Apr.
Arosa SC - Conxo	0-5

CLASIFICACIONES	
Equipo	PTS X G E P GF GC
RC CELTA	58 22 18 4 0 64 18
SPORTING GIJÓN	56 22 17 5 0 63 14
RC DEPORTIVO	38 22 11 5 6 36 23
R.SANTANDER	38 22 11 5 6 44 33
BANSANDER	37 22 10 7 5 32 22
REAL OVIEDO	34 22 10 4 8 35 30
ED VAL MIÑOR	31 22 9 4 9 35 29
URAL CF	30 22 8 6 8 29 32
CONXO SANTIAGO	30 22 7 9 6 27 32
TSK ROCÉS	28 22 9 1 12 29 37
ATL PERINÉS	25 22 7 4 11 19 37
CD LUGO	23 22 6 5 11 28 34
RACING FERROL	22 22 5 6 11 21 35
REAL AVILÉS CF	17 22 4 5 13 15 41
CD CALASANZ	12 22 3 3 16 19 49
MARINA SPORT	12 22 3 3 16 17 47

CLASIFICACIONES	
Equipo	PTS X G E P GF GC
R.C. CELTA "B"	61 22 20 1 1 79 15
DEPORTIVO "B"	49 22 16 1 5 63 28
PABELLÓN C.F.	45 22 13 6 3 43 25
C.D. CHOCO	40 22 12 4 6 40 24
C.D. AREOSA	38 22 10 8 4 46 32
PONTEVEDRA C.F.	37 22 11 4 7 46 40
RAPIDO BOUZAS	36 22 10 6 6 34 31
OURENSE C.F.	33 22 9 6 7 42 29
VICTORIA C.F.	32 22 9 5 8 40 34
C.D. LUGO "B"	32 22 10 2 10 32 39
ALONDRAS C.F.	27 22 8 3 11 29 37
VAL MIÑOR "B"	27 22 6 5 11 27 43
VALLADARES	22 22 6 4 12 30 47
U.D. OURENSE	20 22 6 2 14 29 49
E.F. LALIN	18 22 5 3 14 22 48
RC VILLALBÉS	17 22 3 8 11 29 46
S.D. O VAL	15 22 4 3 15 22 56
PORRIÑO C.F.	11 22 2 5 15 18 48

CLASIFICACIONES	
Equipo	PTS X G E P GF GC
S.D. COMPOSTELA	47 22 14 5 3 49 24
MONTAÑEROS C.F.	42 22 11 9 2 34 17
CALASANZ "B"	40 22 13 1 8 43 40
BERGANTIÑOS	39 22 11 6 5 42 20
R. FERROL "B"	39 22 12 3 7 41 31
URAL C.F. "B"	37 22 11 4 7 41 27
C.D. BOIRO	36 22 10 6 6 39 24
C.F. DUMBRIA	33 22 10 3 9 39 35
SAN TIRSO S.D.	33 22 10 3 9 50 37
C.D. CONXO "B"	31 22 8 7 7 46 37
ESTRADA FB	30 22 7 9 6 29 26
G. CARANZA	27 22 8 3 11 32 46
S.D. RESIDENCIA	27 21 7 6 8 23 25
VIVEIRO C.F.	24 22 7 4 12 38 58
C.D. AS PONTES	22 22 6 4 12 36 49
ORILLAMAR S.D.	21 22 6 3 13 26 46
VILLALBÉS "B"	16 22 4 4 14 23 49
VICTORIA C.F. "B"	7 22 2 1 19 24 64

CLASIFICACIONES	
Equipo	PTS X G E P GF GC
R.C. DEPORTIVO	66 22 20 0 0 94 8
R.C. CELTA S.A.D.	61 22 20 1 1 103 11
C.D. LUGO	40 22 13 1 8 34 35
E.D. VAL MIÑOR	37 22 11 4 7 35 31
SAN TIRSO S.D.	37 22 11 4 7 36 34
URAL C.F.	35 22 10 5 7 32 26
C.D. CALASANZ	30 21 8 6 7 30 30
VICTORIA C.F.	30 22 8 6 8 32 43
C.D. CONXO	30 22 7 9 6 28 36
PONTEVEDRA C.F.	29 22 7 8 7 29 29
PABELLÓN C.F.	29 22 8 5 9 27 30
AROSA S.C.	26 22 7 5 10 30 42
RACING FERROL	25 22 7 4 11 21 39
CORUXO F.C.	22 22 6 5 11 31 32
XIUV OROSO	19 22 4 7 11 28 34
BERGANTIÑOS C.F.	14 22 1 1 11 20 46
BERTAMIRANS C.F.	11 22 3 2 17 17 74
A.J. LEREZ	6 21 1 3 17 10 59

CLASIFICACIONES	
Equipo	PTS X G E P GF GC
DEPORTIVO "B"	55 22 17 4 1 75 21
MONTAÑEROS C.F.	50 22 15 5 2 54 10
S.D. COMPOSTELA	49 22 15 4 3 43 18
E.F.M BOIRO	47 22 14 5 3 54 17
IMPERATOR O.A.R.	39 22 12 3 7 30 30
GALICIA CARANZA	36 22 11 3 8 42 30
URAL C.F. "B"	32 22 9 5 8 39 30
SAN TIRSO "B"	31 22 9 4 9 35 36
MILAGROSA	30 22 8 6 8 23 25
C.D. CONXO "B"	25 22 7 4 11 33 38
C.F. DUMBRIA	23 22 7 2 13 30 50
R. FERROL "B"	21 22 5 6 11 24 54
RC VILLALBÉS	19 22 4 7 11 19 40
CALASANZ "B"	18 22 4 6 12 26 45
BERGANTIÑOS "B"	18 22 4 6 12 29 45
VIVEIRO C.F.	15 22 4 3 15 18 71
ESTRADA FB	12 22 2 6 14 22 54

CLASIFICACIONES	
Equipo	PTS X G E P GF GC
R.C. CELTA S.A.D.	15 5 5 0 0 30 4
R.C. DEPORTIVO	12 5 4 0 0 23 3
C.D. AREOSA	12 5 4 0 1 18 8
C.D. CONXO	9 5 3 0 2 12 9
BERTAMIRANS	9 5 3 0 2 8 5
C.D. LUGO	9 5 3 0 2 13 12
VICTORIA F.C.	7 4 2 1 1 11 10
C.D. CALASANZ	7 5 2 1 2 9 12
E.D. XIUV OROSO	6 4 2 0 2 13 8
URAL C.F.	5 5 1 2 2 10 17
PABELLÓN C.F.	4 5 1 1 3 6 9
PONTEVEDRA C.F.	4 5 1 1 3 5 11
E.D. VAL MIÑOR	4 5 1 1 3 5 15
U.D. STA. MARINA	4 5 1 1 3 2 12
E.F. PORTEIRO	3 5 1 0 4 9 22
AROSA S.C.	0 5 0 0 5 5 22

PRÓXIMA XORNADA	
Marina Sp. - R. Santander	RC Celta - R. Oviedo
CD Lugo - Sp. Gijón	R. Avilés - Val Miñor
Deportivo - Ural CF	Calasanz - R. Ferrol
TSK Rocés - Bansander	At. Perinés - Conxo

PRÓXIMA XORNADA	
R. Bouzas - EF Lalín	Pabellón - RC Celta B
Choco - RC Villalbés	Pontevedra - Ourense CF
O Val - Porriño	Valladares - Val Miñor B
UD Ourense - CD Aroesa	CD Lugo B - Deportivo B
Victoria CF - Alondras	

PRÓXIMA XORNADA	
Boiro - Conxo B	Viveiro CF - Residencia
Orillamar - Montañeros	Bergantiños - R. Ferrol B
Estrada - Dumbria	Villalbés B - Compostela
Victoria B - Ural B	San Tirso - G. Caranza
Calasanz B - As Pontes	

PRÓXIMA XORNADA	
Coruxo - Arosa SC	Pabellón - Calasanz
Conxo - San Tirso	AJ Lérez - R. Ferrol
Val Miñor - Pontevedra	RC Celta - X. Oroso
Victoria - Ural	CD Lugo - Deportivo
Bergantiños - Bertamirans	

PRÓXIMA XORNADA	
Boiro - Conxo B	Viveiro CF - Milagrosa
Deportivo B - Montañeros	Dumbria - Imperator
Estrada - R. Ferrol B	RC Villalbés - Compostela
CD Lugo B - Ural B	San Tirso B - G. Caranza
Calasanz B - Bergantiños B	

PRÓXIMA XORNADA	
Pabellón - Arosa SC	EF Porteiro - Val Miñor
Pontevedra - Deportivo	CD Lugo - Calasanz
Ural - Bertamirans	X. Oroso - RC Celta
CD Aroesa - Sta. Mariña	Conxo - Victoria

INFANTIL Fase descenso G-I	
RESULTADOS	
EF Lalín - Montañeros	2-0
Narón - Salvora	5-1
Bergantiños - R. Ferrol	1-1
Victoria - SD Viveiro	6-0
San Tirso - G. Caranza	3-1

CLASIFICACIONES	
Equipo	PTS X G E P GF GC
RACING FERROL	25 5 4 1 0 12 2
BERGANTIÑOS C.F.	19 5 3 2 0 16 8
VICTORIA C.F.	16 5 3 1 1 19 7
S.D.C.Y.R. NARÓN	16 5 2 1 2 14 8
SAN TIRSO S.D.	15 5 2 2 1 10 8
GALICIA CARANZA	15 5 1 1 3 6 8
MONTAÑEROS C.F.	15 5 1 2 2 6 9
S.D. VIVEIRO "A"	13 5 1 2 2 5 13
E.F. LALIN	11 5 1 1 3 8 15
SALVORA C.F.	3 5 0 1 4 3 21

PRÓXIMA XORNADA	
Montañeros - S. Tirso	SD Viveiro - Bergantiños
Salvora - EF Lalín	G. Caranza - Victoria CF
R. Ferrol - Narón	

**CLASIFICACIÓN DOS MELLORES EN REGULARIDADE E GOLES**


Trofeo Jorge Tato XUVENIL SUPERIORES		
Xogador	Equipo	G.
XELO EIUO	Viveiro CF	10
GABARRE	CD Lugo	9
DAVID	RC Villalbés	9
DIEGO	Viveiro CF	9
SCHUSTER	CD Lugo	6
BRIAN	CD Lugo B	6
SPEEDY	RC Villalbés	6
ÓSCAR	CD Lugo	5
LEANDRO	CD Lugo B	5
GABRI	RC Villalbés B	5
BUJÁN	RC Villalbés B	5
MANU	CD Lugo B	4
MIGUEL	RC Villalbés B	4
I. GESTO	RC Villalbés B	4
CONDE	Residencia	4
FONSECA	Residencia	4
JORGE	Viveiro CF	4
MATEO	CD Lugo B	3
PÉREZ	CD Lugo B	3
GABRI	RC Villalbés	3
DANI	Residencia	3
JUAN	Viveiro CF	3
VILA	CD Lugo	2
SAMU	CD Lugo B	2
ROSÓN	CD Lugo B	2
J. CARLOS	CD Lugo B	2
JAVI	CD Lugo B	2
NICO	RC Villalbés	2
MARTÍN	RC Villalbés	2
LÓPEZ	RC Villalbés B	2
YAGO	Residencia	2
BORJA	Residencia	2
ROI	Residencia	2
IVÁN	Viveiro CF	2
ALBERT	Viveiro CF	2
YAGO	CD Lugo	1
MARTÍN	CD Lugo	1
DAMIÁN	CD Lugo	1
GÓMEZ	CD Lugo	1
XABI D.	CD Lugo	1
GUITIÁN	CD Lugo	1
ERNESTO	CD Lugo	1
ELOY	CD Lugo	1
FIDALGO	CD Lugo	1

Regularidade XUVENIL SUPERIORES		
Xogador	Equipo	G.
XELO EIUO	Viveiro CF	26
DIEGO	Viveiro CF	24
GARCIA	Residencia	22
LÓPEZ	RC Villalbés	20
SANTI	RC Villalbés B	18
CONDE	Residencia	18
DAVID	RC Villalbés	16
I. GESTO	RC Villalbés B	15
DANI	RC Villalbés B	15
ANXO	RC Villalbés	14
XAIRO	RC Villalbés	14
SPEEDY	RC Villalbés	12
CANCIO	Residencia	11
GABRI	RC Villalbés	10
LÓPEZ	RC Villalbés B	10
GABRI	RC Villalbés B	10
NOEL	RC Villalbés B	10
DENIS	RC Villalbés B	10
MIGUEL	RC Villalbés B	10
RARES	RC Villalbés	9
LIS	Residencia	9
DANI	Residencia	8
BUJÁN	RC Villalbés B	7
ADRI	Residencia	7
IVÁN	Viveiro CF	7
ÁLEX	RC Villalbés B	6
D. IGLESIA	Residencia	6
FONSECA	Residencia	6
JUAN	Viveiro CF	6
MARTÍN	RC Villalbés	5
MARCO	RC Villalbés	5
JAVI	RC Villalbés B	5
ANIDO	RC Villalbés	4
BOIXET	Viveiro CF	4
BUJÁN	RC Villalbés	3
NICO	RC Villalbés	3
PEDRO	RC Villalbés B	3
DANI	RC Villalbés B	3
YAGO	Residencia	3
ROI	Residencia	3
DAVID	Residencia	3
YOEL	Residencia	3
RICHARD	Viveiro CF	3
CRISTHIAN	Residencia	3

Pichichi CADETE SUPERIORES		
Xogador	Equipo	G.
AYMAN	CD Lugo B	10
LOMBA	CD Lugo	6
BORJA	CD Lugo	6
RAFA	Milagrosa	6
ANTÓN	CD Lugo B	5
PÉREZ	CD Lugo B	5
ADRIÁN	Viveiro CF	5
FREIRE	CD Lugo	4
HUGO	CD Lugo	4
XOEL I.	CD Lugo	4
ROBER	CD Lugo B	4

# Punto a punto faise o camiño

**EMPATE DE MÉRITO DO LUGO EN SANTANDER** cun novo gol de Gabarre. Os de Bruno Rodríguez seguen fóra dos postos de descenso. Os cántabros adiantáronse aos dous minutos de xogo



Árbitro: Alberto Aranda, Alberto Gallo e Campo: Instalaciones Nando Yosu, Santander

Valioso punto o conseguido polo Lugo nas Instalacións Deportivas Nando Yosu ante un Rácing de Santander que, sabedor da derrota do Deportivo o sábado, era consciente de que unha vitoria levaríalles ata o terceiro posto da clasificación.

O Lugo, pola súa banda, afrontaba unha saída complicada con moita necesidade de puntos, ao marcar os postos de descenso cun de vantaxe ao empezar a xornada sobre o Rácing de Ferrol, que perdeu co Perines e termina a xornada a dous do Lugo e da permanencia.

Con todo iso, era vital sumar e estar en partido desde os primeiros minutos, pero o encontro púxose costa arriba co un

a cero. Nada máis empezar, aos dous de xogo, o Rácing de Santander fixo o un a cero co primeiro balón que tocaba unha das dúas áreas.

Lonxe de acusar o contratempo, o Lugo asentouse rápido no terreo de xogo ante un Rácing de Santander un pouco acomodado tralo gol inicial.

Os de Bruno Rodríguez, cunha presión alta, roubaban en campo rival e cunha asentada defensa de tres centrais apenas concedían chegadas con perigo.

Con Óscar e Gabarre descolgados, o Lugo sempre tivo saídas claras á contra. Co paso dos minutos o Lugo tiña o empate cada vez máis preto, tras un bo disparo de Gómez e un penalti non sina-

lado sobre Óscar, pero á terceira foi a vencida e Gabarre volveu acudir á súa cita co gol, tres nos dous últimos dous encontros, ao bater ao porteiro cántabro desde os once metros tras un claro penalti sinalado por man dentro da área.

Ao descanso chegouse con empate a un pero con moi boas sensacións, conscientes de que o Rácing de Santander daría un paso á fronte na segunda parte, pero os locais atopáronse coa solvencia defensiva dun Lugo que tamén contou coa pizca de sorte sempre necesaria para puntuar en campos como o Nando Yosu.

Os locais tiveron un par de ocasións claras ante Chanza, pero o Lugo saíu con vida e tamén puido levarse os tres puntos cun disparo de Porto tras roubo de balón e sobre todo cun remate de Castrín tras unha acción a balón parado na que o balón foise rozando o largueiro.

Ao final, xusto reparto de puntos nun partido do que o Lugo sae reforzado e con dous puntos sobre os postos de descenso tras disputar dous encontros consecutivos a domicilio.



Óscar, co balón, entre dous rivais do Rácing de Santander na primeira volta na Cheda

## Próxima xornada

Proba de altura para os de Bruno Rodríguez, que reciben ao Sporting de Gijón, segundo clasificado, e que mantén un man a man espectacular co Celta de Vigo na loita polo título de Liga.

# 2

**PUNTOS** sobre os postos de descenso ten o CD Lugo. Os de Bruno Rodríguez marcan o corte a falta de oito xornadas para rematar a tempada na máxima categoría do fútbol base nacional

# 3

## GOLES DE GABARRE

Os últimos tres tantos que fixo o Lugo levaron a firma de Jesús Gabarre, dous ante o Marina Sport e outro para empatar o encontro en Santander

CADA LUNS TODA A INFORMACIÓN  
DO FÚTBOL BASE LUCENSE







Rares co remate co que asinou o definitivo 2-1 no Roca

# Hai vida máis aló do minuto noventa

**O VILLALBÉS SAE DOS POSTOS DE DESCENSO** tras remontar cun gol de Rares no 94, logo de monopolizar o xogo na segunda metade

**RC VILLALBÉS** **2** **1** **O VAL**

Goles: Gabri e Rares Goles: Alejandro

Árbitro: David Pereira, Adrián Fernández e Alberto Blanco. Campo: Estadio Roca

**“MAGNÍFICA RECOMPENSA PARA UNOS JUGADORES QUE NO DEJARON DE CREER E INSISTIR HASTA ENCONTRAR LA VICTORIA EN LA RECTA FINAL DEL ENCUENTRO”** CHOLAS - R. Villalbés

regos tras unha falta frontal na que o balón rebotou na barreira despistando a Édgar.

Con cero a un, ante un rival directo con defensa de cinco, o Villalbés tiña unha hora por diante para darlle a volta ao marcador.

No tramo final da primeira parte o Rácing non puido xerar excesivo perigo, pero tras recuperar forzas e confianza no descanso, os de Cholas converteron a segunda parte nun auténtico monólogo.

Meteron ao Val no seu campo, con Rares e Speedy por banda e sen que Édgar tivese que intervir en toda a segunda parte.

O empate chegou pronto, aos dez minutos, tras un saque de banda rápido de Anido sobre Gabri, que enviou o balón ao fondo das mallas cun certo remate desde dentro da área.

Rares, Speedy e Gabri, cun disparo ao poste, dirixiron o asedio en busca dunha vitoria que se resistía pese à infinidad de balóns que pasaron polo área do Val. A insistencia do Rácing, ata o final, tivo premio máis aló do tempo regulamentario, ao asinar Rares o dous a un no minuto 94 tras un segundo remate co que perforou a portería do seu máximo rival na loita pola permanencia.



Marco co balón controlado entre dous xogadores rivais



Xairo nunha internada na área do Val na segunda parte

O Rácing Villalbés gañou con máis suspense do merecido a súa primeira gran final da tempada. Os de Cholas recibiron no Roca ao Val, nun duelo entre penúltimo e antepenúltimo da Liga Nacional. Unha vitoria do Rácing sacáballes do descenso con dous puntos máis que o Val e co golaverage a favor, mentres que unha derrota deixaría aos

de Cholas a catro puntos da permanencia.

Todo o que había en xogo no Roca plasmouse sobre o terreo de xogo desde os primeiros minutos, nos que a intensidade acaparaba todo o protagonismo, con moitísimo fútbol directo e disputas lonxe das áreas.

Á media hora de xogo o partido e a permanencia complicáronse para os chai-

# O acerto do Val Miñor B á contra desnivelou o marcador

**O LUGO B VIUSE DESBORDADO TRAS ENCAIXAR O UN A CERO** nun encontro que empezou con dominio e continuou con moitas ocasións sen finalizar



Fonseca subindo pola banda nun partido na Cheda

**VAL MIÑOR B** **5** **1** **CD LUGO**

Goles: Pablo (2), Gorka, Óscar e Abraham Gol: Brian

Árbitro: Eduardo Rivera, Javier Adán e Antonio Fernández. Campo: Condominguez, Nigrán

O Lugo B sufriu unha avultada derrota en Nigrán tras perder por cinco goles a un ante un Val Miñor B máis necesitado de puntos e con moita contundencia nas contras que xerou ao longo do encontro.

De inicio o Lugo B tivo o control do partido ante un

rival relegado con defensa de cinco, dispoñendo das ocasións máis claras para inaugurar o marcador como un remate de Herrero que se foi fóra por moi pouco.

Que a contundencia nos metros finais sería cousa dos locais quedou claro aos vinte minutos, co a

cero tras un disparo desde a frontal da área que rexeitou Demetrio, aproveitando un dianteiro local o rexeite para inaugurar o marcador.

Sen tempo para a reacción, o Val Miñor puxo terra polo medio no marcador co dous a cero tras unha contra e deixou o partido practicamente sentenciado antes do descanso co tres a cero.

Brais Prados intentou variar o rumbo do encontro cun cambio de sistema, pasando a xogar con dous puntas coa entrada de Brian ao terreo de xogo.

O Lugo B recuperou o control do xogo e con iso chegou un goteo constante de ocasións sen finalizar. Brian e Leandro tiveron as máis claras nos primeiros minutos da segunda parte nos que, si chegase o tres

**3** **AUSENCIAS** Rosón por lesión, Juan Carlos, Yago Fernández e Castrín, co primeiro equipo, non estiveron a disposición de Brais Prados neste encontro en Condominguez

**3** **GOLES NA PRIMEIRA PARTE** Tras un inicio de partido no que o Lugo B foi mellor, o Val Miñor B levou o marcador ata o avultado tres a cero co que rematou a primeira metade en Nigrán

a un, podería meter de novo aos lucenses na loita polos puntos. Con todo, o que chegou foi o catro a cero, de novo tras unha perda de balón e contra letal do Val Miñor B.

Con media hora por diante o Lugo B esqueceuse do marcador e continuou buscando a portería rival. Entre moitas ocasións, Brian foi o único que atopou o camiño do gol tras un pase de Manu, pero na última xogada de partido o Val Miñor levou o marcador ata o avultado cinco a un final.



Yoel conducindo o balón en mediocampo na Cheda



Cancio a piques de controlar o balón ante dous rivais



Diego Revuelta escondéndolle o balón a un rival

# Na Cheda só hai un sheriff

**6 XORNADAS CONSECUTIVAS PUNTUANDO NA CASA,** onde os de Adrián Vázquez non perden dende novembro. O aprazado ante o Boiro, próxima parada antes do derbi en Viveiro

<b>RESIDENCIA</b>	<b>2 0</b>	<b>BERGANTIÑOS</b>
Goles: Fonseca e Conde		

Árbitro: Jorge Méndez, Adrián López e Fernando Fernández. Campo: A Cheda

Cunha soa derrota nas 8 últimas xornadas a Residencia vive o seu mellor momento da tempada. Os de Adrián Vázquez, con 6 xornada consecuti-

**“O TRABALLO E ESFORZO QUE FAI O EQUIPO É INSUPERABLE, E ISO FAIME SENTIR MOI ORGULLOSO DE TODOS ELES”**

ADRIÁN VÁZQUEZ - Residencia

vas puntuando na Cheda, afrontan agora dous partidos a domicilio craves para poñer terra polo medio do descenso. A próxima xornada ante o Boiro, no aprazado, e a seguinte en Viveiro, nun derbi con tintes decisivos.

O Bergantiños presentouse na Cheda como se esperaba, coa intención de

ter o balón, pero atopouse cunha Residencia que lle incomodou desde o inicio cunha presión alta.

Aos vinte minutos Fonseca desvelou o marcador inicial cunha acción individual na que,

tras regatear ao lateral e posteriormente ao central do Bergantiños, subiu o un a cero cun pouco de axuda do porteiro visitante.

A Residencia non variou o guiño pese a poñerse por diante e mantivo a presión alta, obrigando ao Bergan-

tiños a xogar directo, sen chegar a xerar perigo ante Joni, mentres que Conde

tivo o dous a cero antes do descanso cun remate de volea que se foi rozando a escuadra.

Na segunda parte a Residencia baixou a liña de presión para xuntarse en defensa e ter espazos para matar o partido á contra. O plan trazado no descanso executouse á perfección, xa que apenas se concederon ocasións mentres que á contra, Conde ampliou a

diferenza ata o dous a cero tras un man a man co porteiro visitante.

O Bergantiños apurou as súas opcións suscitando unha defensa de tres, mentres que Adrián Vázquez reforzou a medular con Roi e de la Iglesia, tirando a Residencia de solvencia defensiva ao conceder tan só unha dobre ocasión na que Joni estivo perfecto.

Ao final, á contra, a Residencia estivo máis cerca do tres a cero que o Bergantiños do dous a un no sexto encontro consecutivo dos branquiazuis puntuando na Cheda.

**OS MELLORES**

<b>RESIDENCIA</b>	
<b>CRISTIAN</b>	👍👍👍
<b>CANCIO</b>	👍👍
<b>CONDE</b>	👍

## O sprint final da primeira parte descolgou ao Rácing

**TRAS UNHA BOA PRIMEIRA PARTE,** tres goles ferroláns no treito final desnivelaron o encontro

<b>R. FERROL B</b>	<b>5 1</b>	<b>R. VILLALBÉS B</b>
Goles: Alex (3) Pedro e Dani		Goles: Buján

Árbitro: Alejandro Miño, Xoana Crespo e Dani Fernández

O Rácing Villalbés B deixouse os tres puntos en xogo na Gándara ante o Rácing de Ferrol B nun partido marcado e desnivelado polo último cuarto de hora da primeira parte. Tempo no que os ferroláns puxeron terra polo medio do marcador con tres goles

tras unha primeira parte igualada na que os chaireiros foron mellores.

Aos cinco minutos Gabi xa tivo o cero a un, cun remate practicamente a porta baleira que se foi

**“TODOS AQUELES MOMENTOS, ACCIÓNS E RESPÓSTAS SON O REFLEXO DE MOMENTOS E ACCIÓNS QUE SE DAN POLA SEMANA”**

IVÁN LAMAS - Villalbés B

**1**

**DEBUT DE PEDRO** como xogador de campo. O porteiro disputou os últimos quince minutos como xogador de campo na Gándara ante o Rácing de Ferrol

**OS MELLORES**

<b>VILLALBÉS B</b>	
<b>SANTI</b>	👍👍👍
<b>BUJÁN</b>	👍👍
<b>GOÁS</b>	👍

fóra, mentres que no saque de porta tras esta ocasión, chegou o un a cero.

Os ferroláns sempre intentaron xogar combinado e o Rácing, cunha presión alta, sentiase cómodo. Buján tras unha boa ocasión, devolveu as táboas ao marcador, e Nico, no seu primeiro partido de titular co filial, amagou co un a dous nos mellores momentos do Villalbés na Gándara.

Nada facía presaxiar que o partido quedase visto para sentenza nos seguintes minutos, nos que o Ferrol, con tres goles, deixou sentenciado o encontro co catro a un co que se chegou ao descanso.

Nada máis empezar a segunda parte chegou o quinto gol local tras un penalti e a partir de aí, aínda que o Villalbés nunca baixou os brazos, non puido maquiillar o resultado final.

## O Viveiro asaltou o Poblado e gozará dun parón tranquilo

**TRAS 3 DERROTAS** os celestes adicáronlle o triunfo a Noel, que pronto saberá o alcance da súa lesión

<b>AS PONTES</b>	<b>0 3</b>	<b>VIVEIRO CF</b>
Goles: Albert, Juan e Diego		

Árbitro: Víctor García, Edu Morales e Iago Bertalo

O Viveiro presentouse no Poblado tras xerar dúbidas nas últimas xornadas, pero os de Antonio Serrano des-pexáronas ao grande, tras asinar un moi bo partido ante un rival directo ao que lle gañan o golaverage particular tras finalizar o encontro sen encaixar gol, dez par-

**“VICTORIA QUE TODOS LE DEDICAMOS A NOEL. MUCHA SUERTE EL MIÉRCOLES. SEA LO QUE SEA ESTAREMOS A TU LADO”**

A. SERRANO - Viveiro CF

**4**

**PUNTOS** “sumou” o Viveiro ante As Pontes, tralo empate a dous na primeira volta os celestes gañan o golaverage particular ante un rival directo co 3-0 no Poblado

seu medio campo de gala, con Xoel Eijo, Boixet, Trasi e Juan López, e o equipo notouno.

O compromiso foi total para romper a mala xeira de resultados. Na primeira parte, co aire a favor, o Viveiro meteu ao As Pontes no seu campo.

Os locais empezaron asustando cun disparo ao largueiro, pero a primeira parte foi celeste e plas-márono no marcador cos goles de Diego e Juan López antes do descanso.

Na segunda parte tocaba poñerse o mono de traballo co cento en contra e o Viveiro non escatimou nin un só esforzo, apenas concedeu ocasións e esperou o

seu momento para sentenciar o partido co tres a cero que asinou Albert para chegar ao parón con confianza e preparar o decisivo derbi ante a Residencia.

**OS MELLORES**

<b>VIVEIRO CF</b>	
<b>ALBERT</b>	👍👍👍
<b>XOEL EIJO</b>	👍👍
<b>IVÁN</b>	👍



# Derrota sen consecuencias para un Lugo que se mantén terceiro

**OS DE DANI GALÁN SEGUEN NO PODIO DA DIVISIÓN DE HONRA** con tres puntos máis que Val Miñor e San Tirso pese a poñer fin a unha xeira de catro vitorias seguidas en Oroso



As numerosas ausencias, sobre todo en defensa, ao non poder contar Dani Galán con ningún dos catro centrais do primeiro persoal, mermaron aos lucenses en Oroso, onde puxeron fin á súa xeira de catro vitorias consecutivas.

Unha derrota que a nivel clasificatorio non ten consecuencias, xa que ao

perder tamén nesta xornada o Val Miñor o Lugo mantense terceiro con tres puntos de vantaxe sobre o cuarto clasificado.

Dentro das notas positivas destaca o debut do infantil Manu Ferreiro no once e dos cadetes de primeiro ano Buide e Antón, que disputaron os seus primeiros minutos da tempada na máxima

categoría.

En Oroso o partido foi igualado, marcado polas reducidas dimensións do terreo de xogo e polo vento. Na primeira parte o Lugo foi lixeiramente superior e tivo nun disparo de Manu Ferreiro que desviou o porteiro local ao larguero a súa mellor ocasión. Antes, ao Oroso se lle anulara un gol na única chegada da única chegada con perigo dos locais aos dominios de Raúl.

Na segunda parte, co aire en contra, o Lugo tivo máis problemas e o partido complicouse desde os primeiros minutos cos cambios obrigados por lesión de Jorge e de Andrés, este último tras recibir unha dura entrada.

Pese a iso, o partido camiñaba con paso firme cara ao empate a cero ata que unha acción a balón parado desnivelou o mar-



Luís co balón controlado ante un xogador do Oroso na ida

cador, tras un córner a favor do Oroso.

A partir de aí o Lugo buscou o empate ante un rival replegado e moi necesitado de puntos, dispoñendo da mellor

ocasión cun gol anulado a Borja antes de que chegase a sentenza co dous a cero nunha contra, cando o Lugo buscaba á desesperada o gol do empate a un.

**4**

**AUSENCIAS EN DEFENSA**

Os catro centrais cos que conta Dani Galán foron baixa en Oroso. Alejandro, Manel, Juanma e Unai perderonse o encontro por diferentes motivos

**2**

**DEBUTS**

Os xogadores con ficha B do cadete de Liga Galega Buide, defensa central, e Antón, centrocampista, disputaron os seus primeiros minutos na máxima categoría

**1º**

**PARTIDO DE TITULAR**

na División de Honra cadete para o infantil Manu Ferreiro. O mediocentro ademais tivo a ocasión máis clara do Lugo cun remate que desviou o porteiro ao longo

## Primeiro punto a domicilio, pero que sabe a pouco

**O VIVEIRO ESTREOU A CONTA** lonxe do Marcos Gómez, pero deixou escapar dous puntos en Carballo



**"DESPERDICIAMOS UNA NUEVA OCASIÓN DE SUMAR LOS TRES PUNTOS AL JUGAR EN SUPERIORIDAD NUMÉRICA LOS ÚLTIMOS VEINTE MINUTOS DE PARTIDO"**

SERGIO IGLESIAS - Viveiro

**1**

**PUNTO A DOMICILIO**

Tras dez derrotas consecutivas lonxe do Marcos Gómez, o Viveiro puntuou por primeira vez esta tempada nun encontro fora de casa

O Viveiro sumou o seu primeiro punto da tempada a domicilio, pero lonxe de volver satisfeitos os celestes de Carballo, a expedición encabezada por Sergio Iglesias volveu resignada por non sumar os tres en xogo. Certo é que o Berganti-

ños inaugurou o marcador no ecuador da primeira parte, pero o Viveiro estaba ben e continuou sendo mellor pese ao un a cero. Pouco despois, Hugo, ao transformar

un penalti, devolveu as táboas a un marcador que os mariñoas remontaron antes do descanso co un a dous que subiu ao marcador Boixet, ao aproveitar un rexeite tras disparo de Javi.

Ao final da primeira parte a sensación era de superioridade e nada máis empezar o segundo tempo, o partido aínda se puxo máis de cara ao quedarse con dez xogadores o Bergantiños. Con todo, lonxe de dominar o xogo en superioridade numérica, o Viveiro entrou nunha fase de precipitacións ao querer sentencial demasiado rápido.

O Bergantiños aproveitou o desconcerto visitante e en inferioridade numérica conseguiu empatar o encontro para salvar un punto, dando por bo o empate de mellor gusto que o Viveiro.

**OS MELLORES**

**VIVEIRO CF**

CARLOS	2	2	2
BOIXET	2	2	
VEIGA	2		

## O Rácing Villalbés tivo a pólvora mollada na Grela

**A CONTUNDENCIA DO IMPERÁTOR** en ambas áreas desnivelou o marcador final nun partido igualado



**"COMPETIMOS A GRAN NIVEL Y GENERAMOS OCASIONES PARA PODER PUNTUAR. AHORA A PENSAR Y TRABAJAR DE CARA AL SIGUIENTE PARTIDO"**

JANDRO NOVOA - Villalbés

**19**

**PUNTOS**

para un Rácing Villalbés que na próxima xornada recibe no Roca a un aspirante ao ascenso a División de Honra como é o Compostela

O Rácing Villalbés competiu con balas de fogueo na Grela ante o Imperátor, nun partido igualado que se desnivelou no marcador pola maior contundencia dos herculinos en ambas áreas. Os de Jairo Novoa, cre-

tados positivos, foron a polos tres puntos desde os primeiros minutos, asinando un cuarto de hora inicial moi bo no que Martín e Carlos estiveron preto do cero a un. A presión en campo

rival do Rácing era boa e efectiva, polo que tras un saque de esquina Noel e Hugo volveron estar moi preto do gol.

Con todo, a contundencia correu a cargo dun Imperátor que á media hora adiantouse no marcador tras un saque de esquina no que Diego conseguiu despear un primeiro remate, pero no rexeite xa non puido facer nada.

O un a cero semellaba inxusto ao descanso, pero o Villalbés non baixou os brazos no segundo tempo no que a entrada de Álex Gimeno ao campo, deulle máis balón a un Rácing que acusou a lesión de Cristian, pero que buscou e xerou ocasións para como minino poder empatar nun encontro que sentenciou o Imperátor cun gol no último minuto para selar o definitivo e avultado dous a cero.


**OS MELLORES**

**RC VILLALBÉS**

CARLOS	2	2	2
SERGIO D.	2	2	
JAVI	2		

# A Milagrosa espantou as pantasma en Frigsa

**CATRO GOLES NA SEGUNDA PARTE** para desnivelar un partido de ida e volta e volver á senda da vitoria na Liga Galega



Árbitro: David Rodríguez López, Carlos Casas e Juan Luis Fernández Campo: Frigsa.

A Milagrosa e o gol fixeron as paces na segunda parte do encontro que mediou aos de Madriles co Dumbria, facéndolle un favor de paso a Viveiro e Villalbés ao evitar que sumase puntos un rival directo pola permanencia. Postos sobre os que a Milagrosa pon terra polo medio espantando as pantasma tras ver por-

teria na segunda parte.

Ata entón, un guiñón de partido xa coñecido en Frigsa. Dominio local, con ocasións, sendo as máis claras un remate de Mario ao poste e outro de Miguel tras un saque de esquina que atallou o porteiro visitante.

Tamén Borja apareceu para evitar o cero a un na única ocasión do Dumbria

**"PUDIMOS COMPROBAR QUE EL QUE LA SIGUE LA CONSIGUE, EN LA SEGUNDA PARTE ENCONTRAMOS EL CAMINO DEL GOL"** MADRILES - SCD Milagrosa

nos primeiros corenta minutos, cunha boa intervención practicamente co tempo cumprido.

O cero a cero inicial mantívose ata o descanso. As alarmas ante outro encontro sen ver porteria empezábase a acender, pero a Milagrosa sacouse de chistera unha inusual contundencia, ata con golazos.

Ao cuarto de hora da segunda parte, Mario inaugurou o marcador cun gol olimpico tras saque de esquina e a partir de aí a Milagrosa foi un vendaval. Tres remates ao poste, dous penaltis fallados e tres goles máis nunha media hora final de par-

tido na que os de Madriles arroiaron por completo ao Dumbria.

O cero a cero foi un golazo. Asinouno Rafa, cun disparo desde o vértice da área exterior do pé poñendo o balón en toda a escuadra. O terceiro levou de novo a firma de Rafa, nesta ocasión desde os once metros. Tras fallar o primeiro lanzamento o árbitro mandou repetir a pena máxima e Rafa non perdeu nesta ocasión, mentres que o catro a cero final, xa no último minuto, subiuno ao marcador Marco ao culminar unha gran acción individual de Leo.

## OS MELLORES

### MILAGROSA

BRAIS

B. VASCO

MARIO



Miguel anticipándose nun balón dividido en mediocampo



Mario, autor do un a cero, a piques de roubar un balón



Braís golpeando o balón ante a presión dun rival

# O Lugo B pasou do recital inicial ao susto e a sentenza na Gándara

**0-3 AO DESCANSO E 2-3 NA SEGUNDA PARTE**, antes de que os cambios introducidos por Antón Méndez devolvesen aos lucenses ao camiño da vitoria



Raúl controla o coiro no encontro de ida nas Gándaras

A falta de 12 xornadas e con 36 puntos aínda en xogo, o Lugo B, con 32, xa superou a barreira coa que os equipos se salvaron a pasada tempada. Un curso no que os lucenses terminaron a competición con 42, cifra que os de Antón Méndez parece que supe-

rarán con claridade.

Ante o Rácing de Ferrol B na Gándara, o Lugo fíxolle un favor a Villalbés e Viveiro na loita pola permanencia, sumando os tres puntos ante un rival directo para chairegos e mariños nun encontro que tiveron que gañar,



Árbitro: Francisco Piñón, Yago Alague e Rubén Castro Campo: A Gándara

practicamente, en dúas ocasións.

Os lucenses gustáronse na primeira parte, inaugurando Róber o marcador aos dous minutos tras un centro de Amin. Mediada a primeira parte Buide, tras rematar cruzado unha falta lateral executada por

Hugo, ampliou unha diferenza que se foi ata o cero a tres ao descanso cun golazo que asinou Hugo tras unha semi volea desde vinte metros.

Con control sobre o terreo de xogo e con cero a tres no marcador o partido parecía completamente

visto para sentenza. Con todo, os ferroláns recortaron distancias ao comezo da segunda parte cun penalti, e ao filo da hora de xogo, tras un saque de esquina, o Rácing de Ferrol B volveuse meter de cheo na loita polos puntos co dous a tres.

Con vinte minutos por diante empezaba un partido novo, pero cos locais crecidos e exprimindo aos lucenses nos seus peores momentos nos que o empate a tres roldaba pola Gándara.

Antón Méndez moveu ficha refrescando ao equipo cos cambios e o Lugo B exhibiu fondo de armario con cambios de calidade que lle deron un plus ao equipo cando peor o pasaba.

Nada máis saltar ao

# 32

**PUNTOS PARA O LUGO B**, que a tempada pasada xa serían suficientes para asegurala permanencia. O curso anterior os albiroscos remataron a competición con 42 puntos, puntuación que poden superar con claridade este ano

# 4

**GOLES DE RÓBER**, unha das sensacións da segunda volta. O punta, que tras superar unha lesión disputou seis encontros coma titular, xa suma catro goles na Liga Galega cadete

campo. Pérez, deulle osíxeno ao Lugo B co dous a catro tras culminar unha contra coa que tranquilizou os ánimos de remontada dun Rácing de Ferrol B que xa non tivo capacidade de resposta e que terminou encaixando o dous a cinco, cun bo remate de Róber tras centro de Antón.

## Próxima xornada

A próxima fin de semana hai parón na Liga Galega cadete, polo que o Lugo B volverá a competición na seguinte ante o Ural B.



# O Lugo tivo voz propia en Vigo

**OS DE YONI SAÍRON DA MADROA COA CABEZA ALTA** tras competir durante moitos minutos de poder a poder ante o mellor equipo de Galicia, un Celta que tirou de pegada para gañar



Árbitro: Alejandro Vieitez. David Campos e Andrés Miguez. Campo: A Madroa, Vigo

